

Resolución reitoral do 07 de xuño de 2024, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación para alumnos de máster no Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais – CRETUS e o Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (MENA)

A Universidade de Santiago de Compostela ten entre as súas finalidades a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, tal e como dispón o artigo 4 dos seus Estatutos.

O Centro Cretus da Universidade de Santiago de Compostela, creado en decembro de 2020 (segundo acordo Consello de Goberno da USC do 4 de decembro de 2020), constitúese como un centro singular dedicado ao desenvolvemento de investigacións multidisciplinares no campo das tecnoloxías ambientais comprometidas co desenvolvemento sostible baixo o paradigma da economía circular, para atender, promover e abordar os retos e demandas da sociedade a través de xeración de coñecemento, innovación e promoción de talentos profesionais.

O Máster en Enxeñaría Ambiental ten como obxectivo básico formar profesionais competentes que teñan como misión específica a protección do medio ambiente e a mellora da súa calidade ambiental ante problemas como o consumo non sostible dos recursos naturais, a xeración de residuos, a contaminación da auga, aire, solos, etc., así como coñecer as ferramentas de xestión ambiental e ser capaz de aplicar os principios da economía circular.

Tanto o Cretus como o Máster en Enxeñaría Ambiental ofertan bolsas co obxecto de fomentar a iniciación á investigación e atraer a estudantes de máster de alto nivel interesados en realizar unhas prácticas formativas no marco dun proxecto de investigación.

Con esta finalidade, establécense as bases reguladoras e a convocatoria de bolsas obxecto desta resolución, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e co Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que ten conferidas resolve:

BASES E CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das bolsas será o de fomentar a iniciación á investigación mediante a atracción de

estudantes de máster de alto nivel interesados en realizar unhas prácticas formativas no marco dun proxecto de investigación.

As persoas beneficiarias terán asignado un plan de investigación nunha das áreas de investigación do centro singular Cretus baixo a supervisión dun/ha investigador/a principal. O alumnado adquirirá coñecementos e destrezas na área temática do seu proxecto de investigación e, así mesmo, participará nas actividades científicas do centro singular.

SEGUNDA. Réxime xeral

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, en réxime de concorrencia competitiva, o número de bolsas que se establece para o centro singular no anexo I.

Poderase reservar un número de bolsas para alumnado da Universidade de Santiago de Compostela e especificamente para os alumnos do MENA.

TERCEIRA. Características das bolsas

As prácticas formativas que son obxecto destas bolsas terán unha duración de un mes e desenvolveranse nos períodos establecidos no Anexo I.

A axuda para todo o período será a establecida no anexo I. No caso de que o período de estancia sexa menor, aboarase a parte proporcional.

CUARTA. Requisitos dos beneficiarios

1. Poderán acceder á consideración de beneficiarios as persoas físicas nas que concorran as circunstancias previstas na convocatoria, e que cumpran os requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Poderán acceder a estas bolsas os e as estudantes que cumpran os seguintes requisitos académicos:
 - a) Requisitos de titulación establecidos nos anexos I.
 - b) A nota media do seu expediente académico de grao debe ser igual ou superior a 6 puntos sobre base 10 para para as titulacións de rama de Enxeñaría e Arquitectura ou igual ou superior a 7 puntos para o resto das titulacións de grao.

QUINTA. Incompatibilidades

Ademais das incompatibilidades xerais establecidas na Lei xeral de subvencións e demais

normativa aplicable, a percepción da bolsa será incompatible con calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade, así como con calquera remuneración en concepto de salario.

SEXTA. Criterios de selección e adjudicación das bolsas

1. A ordenación das solicitudes farase de acordo cos seguintes criterios, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos:
 - a) Os expedientes académicos de grao das persoas solicitantes, que suporán o 70% da valoración obtida.
 - b) O currículo vitae presentando, no que se terán en conta as publicacións, premios e a formación relacionada co obxecto das bolsas, entre outros aspectos. Este apartado suporá o 20% da valoración obtida.
 - c) A carta de motivación, que suporá o 10% da valoración obtida.

SÉTIMA. Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través da [Sede Electrónica da Universidade de Santiago](#) de Compostela, empregando o formulario de solicitude dispoñible dirixido á Área de Investigación, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de bolsas para a iniciación á investigación no Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais CRETUS. **(Non é preciso achegar ningunha documentación no momento de realizar este rexistro).**
3. Presentada a solicitude no rexistro electrónico da USC, e recepcionada pola Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D, **á persoa solicitante recibirá, ao enderezo de correo electrónico indicado na súa solicitude**, instrucións de como debe presentar os documentos requeridos para avaliar a súa solicitude.
4. Os documentos requeridos que as persoas interesadas deberán achegar, **logo da recepción das instrucións** mencionadas no punto 3 son:
 - a) Copia da **certificación académica** do grao ou título equivalente no que consten as

calificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando ou cursara a persoa solicitante. No suposto de ter realizado estudos no estranxeiro nun idioma diferente ao inglés, a certificación deberá presentarse coa tradución oficial ao español ou galego.

- b) Copia do **xustificante de matrícula do Máster** correspondente ao curso 2023/2024 ou documento acreditativo expedido pola universidade correspondente.
- c) **Currículo vitae** da persoa solicitante.
- d) **Carta de motivación seguindo as instrucións especificadas no Anexo III.** Debe indicar como o traballo de investigación a realizar polo/a bolseiro/a adaptase as áreas de investigación do CRETUS. A carta pode ir asinada pola persoa titora do traballo ou alternativamente pódese entregar sen asinar, sendo o centro singular quen asigna una persoa titora.
- e) **Anexo IV – Formulario Datos Persoais, declaración responsable** manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida en calquera momento do proceso de selección ou durante o disfrute da bolsa. O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da asignación económica no caso de que a persoa resultase beneficiaria.

OITAVA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes.

As bases e a convocatoria publicaranse no [Taboleiro Electrónico](#) da Universidade de Santiago de Compostela. O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación no Taboleiro Electrónico e rematará aos 10 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación.

NOVENA. Instrución e tramitación do procedemento.

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.

Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instructor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución. No caso de advertir que a documentación presentada é incompleta concederá un prazo de emenda de 3 días hábiles ás persoas solicitantes. De non emendar os defectos nese prazo, procederá ao arquivo da solicitude.

Unha vez emendadas as deficiencias que se aprecien nas solicitudes, a Xerencia elevará a relación nominal de solicitantes xunto coa documentación á Comisión de Selección.

DÉCIMA. Órgano de selección

A Comisión de Selección será a encargadas de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base Sexta. O informe será remitido á Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación e recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas.

Constituirase unha Comisión de Selección que estará formada pola Directora do CRETUS, que a presidirá, ou persoa en quen delegue, o coordinador do MENA e a persoa directora do comité de talento do centro singular. A comisión estará constituída por os seguintes titulares:

- María Teresa Moreira Vilar
- Sarah Fiol López
- Francisco Omil Prieto

UNDÉCIMA. Proposta de resolución

A Xerencia formulará proposta de resolución de concesión das bolsas que se publicará no [Taboleiro Electrónico](#) da Universidade de Santiago de Compostela e na páxina web da Subárea.

Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Xerencia poderá acordar a publicación da relación de solicitantes que constituirán a lista de agarda para o caso de que existan renuncias das persoas beneficiarias.

No prazo de 3 días hábiles desde a publicación da proposta de resolución, as persoas adxudicatarias deberán comunicar a súa aceptación mediante correo electrónico dirixido á Xerencia (investigacion.rrhh@usc.es), achegando o modelo establecido no **Anexo II**.

DUODÉCIMA. Resolución, notificación e réxime de recursos.

A Xerencia elevará a proposta de resolución definitiva á Reitoría da Universidade, que ditará a resolución que poña fin ao procedemento.

A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

A proposta de resolución contemplada na base undécima non xera dereitos a favor do beneficiario proposto mentres non se notifique a resolución de concesión.

A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptarase no prazo máximo dun mes contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, mediante a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

DÉCIMOTERCEIRA. Entrega de documentación

As persoas beneficiarias das bolsas de acordo coa resolución definitiva, deberán entregar na Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación con carácter previo ao inicio das prácticas formativas extracurriculares, a seguinte documentación:

- a) Copia do documento de identidade ou pasaporte.
- b) Número da Seguridade Social, que deberán solicitar no Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) no caso de non dispoñer del.
- c) Modelo 145 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) que se pode descargar no seguinte enderezo: [Modelo 145](#).
- d) Código Conta Cliente da entidade bancaria onde queiran percibir a axuda.

Para entregar a documentación establecida anteriormente, a Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación comunicará ás persoas beneficiarias como deberán achegar dita documentación, facéndolles chegar as instrucións pertinentes ao enderezo de correo electrónico que indicaron na súa solicitude.

DÉCIMOCUARTA. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a asistir ás prácticas formativas extracurriculares para as que se concede a bolsa, sendo necesario que o centro de acollida expida un documento acreditativo que xustifique o adecuado seguimento da práctica formativa

asociada a bolsa. O incumprimento desta obrigaón será causa de reintegro da bolsa.

O **documento xustificativo** será remitido polo CRETUS á Subárea de Convocatorias e de RRHH da Área de Xestión da Investigación, que o arquivará xunto co resto do expediente.

Os beneficiarios das bolsas deberán entregar **unha memoria** das actividades realizadas dun máximo de dúas páxinas para a súa conformidade, no prazo máximo de 10 días naturais dende o remate das súas prácticas. A memoria deberá estar asinado pola persoa interesada e pola persoa responsable que corresponda relativa da súa titorización.

A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito a requirirlle ás persoas beneficiarias a documentación orixinal que deu lugar á obtención da bolsa de verán. O incumprimento desta obriga, ou a constatación por parte da Universidade da falsidade ou inexactitude dos datos que deron lugar á concesión da bolsa, serán causa de reintegro.

DÉCIMOQUINTA. Disposición derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor

Antonio López Díaz

ANEXO I

Centro Cretus

1. Réxime xeral

Convócanse un mínimo de **14** bolsas coa finalidade descrita das que 7, polo menos, estarán reservadas para o alumnado do MENA.

O financiamento imputarase á partida orzamentaria **2011.29B4.64100** correspondente ao exercicio 2024. A contía máxima para estas axudas ascende a **10.500 euros**.

Estas axudas están financiadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

2. Período de realización da bolsa

A duración da bolsa será de **un mes** e deberá realizarse no mes de xullo, de setembro ou de outubro do ano 2024, deberá corresponderse sempre ao mes natural completo.

3. Contía da axuda xeral

A axuda terá unha contía de 750 euros brutos mensuais, ou a parte proporcional no caso de que a estancia sexa por un tempo inferior.

4. Requisitos das persoas aspirantes

- a) Estar matriculado nun **máster oficial no curso 2023-2024** das seguintes titulacións, ou outras similares que aportan competencias relevantes para Cretus:
- Enxeñaría Química e Bioprocesos
 - Enxeñaría Ambiental
 - Biotecnoloxía
 - Física
 - Investigación Química e Química Industrial
 - Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais
 - Acuicultura
 - Bioloxía Mariña
 - Biodiversidade terrestre

- Desenvolvemento Económico e Innovación (vinculado ó medio ambiente ou economía circular)
 - Psicoloxía (ámbito social)
- b) **A carta de motivación (de acordo ás instrucións no Anexo III)** deberá presentar interese nunha ou varias áreas de investigación de Cretus, indicando claramente se xa existe un compromiso co/coa titor/a do traballo de investigación (neste caso a carta debe estar asinada polo/a titor/a) ou deixando a posibilidade aberta a que a asignación se faga dende o centro singular en función das preferencias sinaladas polo/a bolseiro/a.

ANEXO II

ACEPTACIÓN DA BOLSA DE VERÁN

Don/Dona [REDACTED]
con NIF/NIE/Pasaporte. Núm [REDACTED] en virtude da solicitude
presentada de conformidade coa Resolución reitoral do 07 de xuño de 2024, pola
que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de verán para a
iniciación á investigación no Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías
Ambientais - CRETUS, publicada o 7 de xuño de 2024 no Taboleiro Electrónico da
Universidade de Santiago de Compostela, manifesta a ACEPTACIÓN da
subvención proposta e das condicións establecidas na referida resolución.

Data: [REDACTED]

Asdo.- Don/Dona:

AENXO III

Anexo III. Información e instrucións para a carta de motivación

A carta de motivación debe ter unha extensión máxima dunha páxina, na que se inclúe información sobre como o traballo de investigación a realizar polo/o bolseiro/a aliñase coas áreas de investigación de CRETUS. A carta pode ir asinada pola persoa titora do traballo ou alternativamente pode entregarse sen asinar, sendo o centro singular quen asigna á persoa titora (ver procedemento máis abaixo).

O Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) creouse coa ambición de ser un referente na concepción, desenvolvemento e avaliación de tecnoloxías ambientais avanzadas, que minimicen os impactos da actividade humana sobre o medio ambiente e os recursos naturais, e que permitan optimizar os procesos produtivos, de consumo e de xestión, de modo que sexan máis sostibles desde unha perspectiva ambiental, económica e social.

Pódese ampliar información sobre a investigación que se está levando a cabo en CRETUS revisando a súa axenda científica (<https://cretus.usc.es/axenda-cientifica/>), na que se describen con máis detalle as tres grandes prioridades ambientais: *Auga segura*, *Solos saudables*, e *Cidades e industrias sostibles*.

Áreas de investigación en CRETUS

CRETUS pretende contribuír á transición cara a unha economía circular achegando solucións científicas e tecnolóxicas aos retos medioambientais, pero tendo en conta o contexto social e económico no que estas solucións deben integrarse. Para iso, conta cun amplo equipo multidisciplinar que abarca desde disciplinas experimentais como a ecotoxicología, a bioloxía, a enxeñaría química, a química verde ou a física, até os estudos sociais e económicos ou o dereito.

Para acadalo, apóiase nunha estrutura científica organizada por "Áreas de investigación" (Figura 1) que agrupa aos investigadores en función das súas capacidades, as metodoloxías empregadas, os tipos de proxecto, etc.




Figura 1. Áreas de investigación nas que se estruturan as capacidades de CRETUS.

ANEXO III.Cont

Procedemento de asignación do plan de traballo

As persoas candidatas da bolsa CRETUS terán asignado un plan de investigación nunha das áreas de investigación do centro singular, baixo a supervisión dun/a investigador/a principal. Para proceder á asignación existen dúas opcións:



1. Entregar a carta de motivación asinada pola persoa titora do traballo. Neste caso débese acordar previamente co/o titor/a o plan de investigación que se vai a realizar. Este plan de traballo debe encadrarse nunha das áreas de actividade de I+D que se están desenvolvendo en CRETUS.
2. Alternativamente pódese entregar a carta de motivación sen asinar, sendo o centro singular quen asigna unha persoa titora en función das preferencias marcadas na Táboa 1. Pódense marcar 2 opcións.

Táboa 1. Preferencias de investigación do/do candidato/a. Anexo III

Áreas de actividade	Investigadores/as responsables
Remediación e sustentabilidade do solo	<input type="checkbox"/> Descontaminación de solos. Carmela Monterroso, Jordi Otero <input type="checkbox"/> Relación entre a actividade humana/animal e o solo (con perspectiva temporal histórica). Antonio Martínez-Cortizas, Olalla López-Costas
Tratamento e recuperación de augas	<input type="checkbox"/> Eliminación de nitróxeno. Anuska Mosquera, Ángeles Val <input type="checkbox"/> Eliminación de contaminantes emerxentes. Sabela Balboa (microplásticos); Marta Carballa, Juan M Garrido, Juan M Lema, Francisco Omil (microcontaminantes orgánicos) <input type="checkbox"/> Procesos de oxidación avanzada. Gumersindo Feijoo, Maite Moreira
Valorización de Residuos	<input type="checkbox"/> Bioprocesos en cultivos mixtos: Anuska Mosquera, Ángeles Val (biopolímeros); Marta Carballa, Miguel Mauricio, Juan M Lema (ácidos graxos) <input type="checkbox"/> Procesos fermentativos: Gemma Eibes <input type="checkbox"/> Compostaxe: Sarah Fiol, Remigio Paradelo <input type="checkbox"/> Extracción química: Carmen García-Jares
Bioindicadores	<input type="checkbox"/> Biodiversidade: Andrés Baselga, Carola Gómez-Rodríguez <input type="checkbox"/> Ecotoxicidade: J. Ángel Fernández, Jesús R. Aboal <input type="checkbox"/> Microbioloxía: Jesús López-Romalde (patóxenos e resistencia a antibióticos en augas); Patricia Sanmartín (biofilms no patrimonio)
Integración de datos e modelado	<input type="checkbox"/> Modelado ambiental: Gonzalo Míguez, Vicente Pérez-Muñuzuri <input type="checkbox"/> Modelado de procesos biolóxicos: Miguel Mauricio
Monitorización Físico- Química	<input type="checkbox"/> Monitorización de radón: Alberto Ruano <input type="checkbox"/> Análise de contaminantes emerxentes: Carmen García-Jares, María Llompart
Procesos Sostibles	<input type="checkbox"/> Procesos de separación: Héctor Rodríguez, Ana Soto
Impacto Socio-Económico e Ambiental	<input type="checkbox"/> Impacto ambiental e pegada de carbono: Gumersindo Feijoo, Sara González, Almudena Hospido, Maite Moreira <input type="checkbox"/> Impacto económico: Óscar Rodil, Carmen Sánchez-Carreira <input type="checkbox"/> Aspectos legais: Alba Nogueira <input type="checkbox"/> Percepción social: Elena Andrade, Jose M. Sabucedo <input type="checkbox"/> Servizos ecosistémicos: Sebastián Villasante

* Pódese ampliar a información para cada área en <https://cretus.usc.es/areas-de-actividade/>

Anexo IV

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Formulario de Solicitud

Aceptación das condicións de uso Segundo a LOPD

- Autorización De acordo coa lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e co Regulamento da UE 2016/679, os datos serán procesados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) con o propósito de xestionar os procesos de acceso á universidade, matrícula, continuación de estudos, transferencias, xestión de expedientes académicos, titulacións e cursos de posgra, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica. O responsable do dito tratamento é a Secretaría Xeral da USC, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro, s / n, 15782- Santiago de Compostela, correo: sec.xeral@usc.es, teléfono 881611009. O delegado de protección de datos é Marcos Almeida Cerrada, dpd@usc.es A base da xustificación deste tratamento é a prestación do servizo de educación superior (Lei orgánica de universidades e Lei autonómica 6/2013, do sistema universitario de Galicia). Os datos poden transferirse ás administracións públicas con competencias na materia e nos casos de obrigas legais. As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, eliminación, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Oficina Electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/93/ver.htm>
- Tamén poden poñerse en contacto coa Axencia Española de Protección de Datos para facer a reclamación que consideren oportuna. Os datos conservaranse durante o período no que se realizou o propósito para o que foi recollido, ou o tempo necesario para cumprir as obrigas legais. Unha vez cumprido o propósito, os datos que non forman parte da prestación do servizo público quedarán bloqueados ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pode atoparse en <http://www.usc.es/gi/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.htm>

Autorización: Autorizo o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente

Declaración de datos persoais e de contacto

• Tipo de documento identidade • Número documento de identidade

• Nome • Apellidos

• Data de nacemento • País de nacionalidade • Sexo

• Enderezo • C. Postal

• Localidade • Concello

• Provincia • País

• Teléfono • Email

• Alumno da USC Si Non

Datos xerais

• Agrupación para a que se solicita a bolsa: CRETUS

• Declaro:	– Cumprir os requisitos académicos establecidos na base Cuarta da convocatoria.
	– A veracidade da documentación e da información adxunta na solicitude, c omprometéndome a probar documentalme tódolos datos que figuran nela se a Universidade de Santiago de Compostela requireas.
	– Non incurrir en ningunha das causas de inhabilitación previstas non artigo 13.2 de Lei xeral de subvencións 28/2003, do 17 de novembro.
	– Non ter concedida ou solicitada ningunha outra axuda para a mesma finalidade

• Conforme coa declaración responsable Si

Sinatura:

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
10/06/2024 15:32:30.

CSV: 6212-1897-42DF-A840